



Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Rua Lope Gomez de Marzoa, s/n
15782 Santiago de Compostela
Tel. 981563100 ext. 16736 · Fax: 981 528050
Correo electrónico: etsedir@usc.es

Normativa de “Visitas Técnicas” e “Conferencias” vinculadas a materias (Aprobada por Xunta de Escola de 14 de xuño de 2007)

Tanto a realización de visitas técnicas a empresas como as conferencias impartidas por técnicos no contexto dunha materia son unha actividade formativa moi necesaria, especialmente nunha Escola de Enxeñaría, onde débese procurar o máximo contacto coa realidade. Preténdese fomentar a realización destas actividades dun xeito ordenado, de modo que ó longo da carreira se teña realizado un número suficiente de actividades e que non haxa una acumulación especialmente nalgúns cursos ou semestres.

Co obxecto de regular mellor a organización e minimizar os efectos negativos sobre outras materias sobre outras materias compre acordar unhas normas comúns.

- 1.- A tódolos efectos estas actividades formarán parte dunha materia, estando os seus contidos e tempo de realización incluídos na programación docente. Por esto, o tempo adicado debe incluírse no tempo global asignado á materia. Tamén poden ser obxecto de avaliación e como tal ser tidos en conta na cualificación final da materia.
- 2.- Na programación docente de cada materia debe estar indicada a previsión de realización destas actividades así como a súa repercusión (si fora necesario) na cualificación final.
- 3.- Previo ó comezo do semestre o Profesor deberá remitir á Secretaría da ETSE a previsión das actividades, indicando, no seu caso, a estimación orzamentaria necesaria e o período de realización.
- 4.- Se no período do curso apareceran oportunidades que aconsellaran a realización dunha destas actividades poderán propoñerse e, de haber orzamento, ser financiadas pola Escola. Non obstante non poderán ser consideradas a efectos de cualificación da materia.
- 5.- A autorización pola ETSE das actividades suporá unha suspensión das actividades concorrentes noutras materias e a aprobación do orzamento.
- 6.- A recuperación das clases das materias afectadas realizarase, preferentemente, nas horas que deberá liberar a materia que organice a actividade. O profesor desta materia acordará cos profesores das materias afectadas a forma da recuperación.
- 7.- Para a previsión orzamentaria debe terse en conta que a ETSE financiará:
 - Gastos de desprazamento de alumnos ou dos conferenciantes. A invitación a conferenciantes de fora de Galicia, que supoñan un custe relevante, deberá estar moi xustificada e a aprobación estará suxeita ás posibilidades orzamentarias
 - Unha remuneración ó conferenciante, en metálico ou como regalo, por un importe de 90 €/hora.
 - Invitación á comida do conferenciante e profesor que o invita, por un importe máximo total de 30 €.